

CÓDIGO ÉTICO DA FEDERACIÓN DOWN GALICIA

O presente Código Ético adóptase cos seguintes obxectivos:

- Poñer énfase en que Down Galicia, ante todo, é unha organización comprometida dirixida por valores.
- Transmitir a filosofía de traballo de Down Galicia de maneira coherente con determinados valores éticos.
- Servir de orientación e guía de conduta na actuación de Down Galicia e das persoas que a integran.
- Erixirse como modelo que poida servir de orientación para todas as Entidades que forman Down Galicia.

A FILOSOFÍA DE TRABALLO DE DOWN GALICIA

Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico, declarada de utilidade pública, constituída por entidades situadas nas principais cidades da comunidade autónoma galega, o que a converte na entidade de referencia das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en Galicia. Desde o ano 1998 Down Galicia desenvolve a súa actividade para mellorar as condicións de vida das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e a das súas familias, para conseguir a súa inclusión plena en todos os ámbitos da sociedade, a través dunha provisión de apoios personalizados en todas as etapas vitais de cada individuo, da defensa e promoción dos seus dereitos, e da reivindicación do cambio social e de políticas activas que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Down Galicia ten unha filosofía de traballo propia, manifestada a través da súa misión, visión, valores e políticas.

MISIÓN

Coordinar, apoiar e impulsar o labor de contribución das entidades membro á mellora da calidade de vida de cada persoa coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e das súas familias, a través da inclusión social e da utilización dos recursos ordinarios da comunidade, asumindo o establecido na Convención de Nacións Unidas sobre dereitos das persoas con discapacidade.

VISIÓN

Ano a ano, a Federación Down Galicia será recoñecida pola súa credibilidade no traballo a favor da inclusión social das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e o apoio que logrará para a súa causa capacitaráa para incidir a favor dunha contorna máis inclusiva.

Este posicionamento será posible grazas á unión do colectivo Down de Galicia ao redor da Federación Down Galicia e o seu aliñamento interno e externo, así como o compromiso de todas as persoas coa mellora continua e a consolidación da súa estrutura económica e técnica.

VALORES

A Federación Down Galicia desenvolve unha conduta en sintonía cos seguintes valores:

- Coherencia
- Compromiso
- Efectividade
- Participación
- Reivindicación
- Unión

POLÍTICAS

A Federación Down Galicia desenvolve unha conduta en sintonía coas seguintes políticas:

- Política de intervención
- Política de organización
- Política de xestión

PERSOAS E ORGANIZACIÓNS DESTINATARIAS DESTE CÓDIGO ÉTICO

- As entidades membro de Down Galicia, porque son parte integrante e esencial da Federación.
- As persoas que integran os órganos de goberno de Down Galicia, unipersoais e colexiadas, así como as estruturas de apoio aos mesmos: no seu labor á hora de elaborar e encarnar a estratexia de Down Galicia, representar á entidade en todo tipo de eventos e procesos, redactar documentos coa marca Down Galicia, tomar decisións públicas, participar de forma permanente ou transitoria en organismos públicos ou privados en nome de Down Galicia, entre outras.
- Equipo humano de Down Galicia, considerado na súa totalidade, o que inclúe ao persoal contratado, ao persoal en prácticas, o equipo de persoas profesionais de todas as súas áreas e ás que colaboran con Down Galicia en calidade de voluntarias.
- As persoas colaboradoras de Down Galicia desde o ámbito profesional, realizando labores relacionados coa elaboración de estudos científicos, a asesoría xurídica, as accións de comunicación e outras análogas.

Todas estas persoas e organizacións, desde o seu respectivo papel dentro ou en conexión con Down Galicia, son responsables de aplicar os valores e as normas éticas contidas neste código ético no seu labor e colaborar no seu desenvolvemento, aplicación e cumprimento, conforme as atribucións que corresponde a cada unha delas na contorna de Down Galicia.

COMISIÓN DE ÉTICA

O presente Código Ético debe ser un documento vivo, que debe evolucionar, e o seu contido e aplicación deber ser obxecto de análise e avaliación de forma permanente.

O desenvolvemento, interpretación, comunicación, aplicación, seguimento e avaliación do presente Código Ético corresponderá a unha Comisión de Ética integrada por todas as persoas que integran a Xunta Directiva de Down Galicia [na que están representadas todas as entidades membro], e a nivel técnico, pola xerente de Down Galicia que se encargará de solicitar toda a información necesaria relativa ao cumprimento e seguimento deste código ético. Todas as persoas que compoñen esta Comisión de Ética deben trasladar os contidos deste documento a todos os seus equipos, persoal directivo ou técnicos segundo corresponda, así como ás persoas expertas independentes que se decida.

Con carácter periódico, coincidindo preferentemente coa Asemblea anual, a Comisión de Ética elaborará un informe sobre a aplicación do presente Código Ético e as propostas de mellora.

Sen prexuízo do papel da Comisión de Ética, o conxunto de persoas dirixentes de Down Galicia deberán adoptar as directrices e instrucións oportunas que permitan o desenvolvemento e aplicación deste Código Ético.

DEFINICIÓN DOS VALORES, POLÍTICAS E CÓDIGO DE CONDUCTAS

Valores da entidade

Coherencia. A institución e todas as persoas que forman parte da Federación Down Galicia deben ser coherentes con estes principios.

Deben respectar a diversidade humana, estar comprometidos coa dignidade das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e promover a inclusión e o exercicio dos seus dereitos, especialmente a igualdade de oportunidades e a autodeterminación.

Débese prestar especial atención a:

- A autonomía persoal de todos os individuos, con especial incidencia na liberdade para tomar decisións propias e na súa independencia e autodeterminación.
- A participación plena e efectiva na sociedade.
- O respecto pola diferenza, a aceptación da diferenza e a construción dunha sociedade diversa e plural.
- A accesibilidade universal.

ENTIDADES MEMBRO

- En coherencia coa súa condición de membro de Down Galicia, aplicarán unha estratexia de intervención desde unha visión acorde co respecto aos dereitos humanos e desde o enfoque bio-psico-social.

- En coherencia coa súa condición de membro de Down Galicia, atenderán ao principio de inclusión social como un valor básico e fundamental.
- En coherencia coa súa condición de membro de Down Galicia, observarán o cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.
- En coherencia coa súa condición de membro de Down Galicia, defenderán os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e os das súas familias.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- Aliñarán a estratexia das Entidades Down en Galicia de acordo ás necesidades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e as das súas familias, de acordo con este Código Ético.
- Defenderán unha imaxe social das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais acorde co enfoque inclusivo e coa defensa dos seus dereitos.
- Denunciarán calquera situación que vulnere os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- Favorecerán a substitución das actitudes e políticas paternalistas por outras tendentes á solidariedade social e á igualdade de oportunidades.
- Observarán o cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

EQUIPO HUMANO

- Fomentará o empoderamento das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e a defensa dos seus dereitos.
- Promoverá a atención individualizada ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, e ás súas familias, outorgando en todo o proceso un trato digno e respectuoso ás persoas usuarias dos servizos das entidades, garantindo o secreto profesional e a confidencialidade da información e evitando distincións de trato allea ás derivadas de criterios técnicos e profesionais.
- Denunciará calquera situación que vulnere os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- Observará o cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

PERSONAS COLABORADORAS

- Denunciarán calquera situación que vulnere os dereitos das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- Observarán o cumprimento da Convención Internacional sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade.

Compromiso. A empatía resulta un requisito imprescindible para que as institucións e todas as persoas que forman parte da Federación Down Galicia exerciten o seu compromiso coa misión da entidade.

É necesario, por tanto, un esforzo por comprender os sentimentos, necesidades e intereses dos demais, especialmente das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

ENTIDADES MEMBRO

- Promoverán que todas as persoas que constitúen a súa base social participen na toma de decisións, na formulación de estratexias e na elaboración da política social da entidade.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- Promoverán e facilitarán que todas as persoas e entidades da organización participen na toma de decisións.
- Velarán por evitar comportamentos personalistas e promoverán a reflexión de todos os membros da organización como elemento para a toma de decisións.

EQUIPO HUMANO

- Comprometerase coa responsabilidade de asesorar na toma de decisións da entidade, e participar naquelas da súa competencia.
- Informará ás persoas que forman os órganos de goberno, atendendo aos principios da entidade, para facilitar unha toma de decisións consecuente coa personalidade e os obxectivos da organización.

PERSOAS COLABORADORAS

- Promoverán que as persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais exerzan os seus dereitos e se manifesten en primeira persoa evitando, na medida do posible, que sexan terceiras persoas as que falen no seu nome.

Efectividade. Down Galicia debe ser efectiva e esforzarse por lograr os seus obxectivos dunha forma eficiente e sostida no tempo, de forma que contribúan ao máximo desenvolvemento da súa misión.

Deberá innovar para dispoñer dos instrumentos e modelos de actuación que lle permitan unha intervención efectiva que responda integralmente a todas as necesidades dos seus destinatarios e destinatarias directas.

Como entidade de iniciativa social comprometida coa construción do Estado de dereito e que traballa a favor de fins de interese xeral, está comprometida coa mellora continua, colabora activamente con todo o seu grupo de interese e é transparente na súa xestión.

ENTIDADES MEMBRO

- Promoverán a mellora continua, a innovación e o incremento da eficiencia e a eficacia nas actuacións con todos os seus grupos de interese.
- Comprometeranse a dispoñer dos coñecementos e competencias necesarias para realizar as súas actividades segundo os obxectivos da organización.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- Facilitarán a adquisición de coñecementos e competencias relacionadas coa innovación e a mellora.
- Fomentarán a motivación e participación do equipo profesional, asignando recursos e avaliando a eficacia das accións.
- Actuarán coherentemente cos obxectivos estratéxicos da organización.

EQUIPO HUMANO

- Aplicará en todas as súas actuacións criterios de eficiencia e calidade como esixencia moral.
- Procurará a formación continuada e a aprendizaxe permanente como deber derivado do seu compromiso coa discapacidade.
- Estará disposto a participar en equipos de mellora e será proactivo na adquisición e actualización de coñecementos e competencias.

PERSOAS COLABORADORAS

- Promoverán a mellora continua, a innovación e o incremento da eficiencia e a eficacia nas actuacións relacionadas con Down Galicia.

Participación. Down Galicia traballa activamente en diferentes ámbitos para que todos os membros da sociedade se sintan valorados, respectados, comprendidos, apoiados e implicados no desenvolvemento da mesma.

Contribúe ao desenvolvemento dunha sociedade máis diversa, inclusiva, democrática e xusta, promovendo a participación activa das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

Estimula a participación das persoas e as entidades membro na vida asociativa dunha Federación que se abre á súa contorna para contribuír á construción dunha sociedade máis inclusiva.

ENTIDADES MEMBRO

- Participarán en igualdade de condicións en todos os procesos que leve a cabo Down Galicia.

- Colaborarán responsablemente na realización de actuacións de todo tipo organizadas por Down Galicia e a pedimento desta.
- Participarán activamente en todo momento na estratexia de Down Galicia.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- Establecerán criterios que permitan o funcionamento democrático na toma de decisións e na elección de cargos sociais de Down Galicia.
- Fomentarán o consenso como práctica aplicable na toma de decisións.
- Fomentarán unha participación activa en todos os órganos de goberno internos e externos nos que representen a Down Galicia.
- Informarán ás entidades en cuxo nome participan nos órganos de goberno de Down Galicia, dos acordos tomados e dos traballos despregados, de forma que estes poidan aplicarse con eficacia e terse presentes.

EQUIPO HUMANO

- Fomentará a participación e corresponsabilidade de todas as persoas integrantes do Equipo, conforme as funcións propias de cada posto de traballo.
- Fomentará o traballo en equipo, respectando as funcións propias de cada posto de traballo, todas elas igualmente necesarias e importantes para o resultado final.
- Fomentará o respecto á diversidade, evitando a discriminación por motivos de discapacidade, xénero, raza, relixión, crenzas, nacionalidade ou orientación sexual, ou outra circunstancia persoal análoga.
- Establecerá unha estratexia de comunicación interna participativa, mediante o uso de canles de comunicación bidireccionais, que permitan unha comunicación eficaz e fluída entre todas as persoas que integran o equipo.
- Potenciará a participación de persoas voluntarias.
- Potenciará o apoio mutuo entre as persoas integrantes do Equipo, evitando protagonismos que dificulten ou impidan o citado apoio mutuo.
- Facilitará ás persoas o acceso aos órganos da entidade e aos servizos que se prestan.

PERSOAS COLABORADORAS

- Colaborarán responsablemente na realización das actuacións organizadas por Down Galicia e a pedimento desta.

Reivindicación. Reivindicamos os dereitos, deberes e liberdades das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais coa defensa dos nosos principios, exercitando os nosos valores e desenvolvendo políticas efectivas.

A relevancia do propósito da nosa misión alenta o esforzo, tenacidade e resistencia que nos caracteriza na defensa dos intereses das nosas persoas destinatarias.

ENTIDADES MEMBRO

- Observarán, en todos os seus ámbitos de actuación, o compromiso coa implicación activa en calquera causa xusta, que redunde no interese xeral, con independencia de que se vexan ou non afectados os seus socios e socias.
- Comprometeranse a promover e implicar aos seus socios, socias e persoas usuarias no compromiso doutras causas sociais alleas aos seus intereses particulares.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- Contribuirán activamente ao compromiso de Down Galicia coa sociedade, actuando de forma implicada e responsable, como verdadeiros axentes de cambio social.
- Promoverán a innovación social en discapacidade en xeral, e discapacidade intelectual e síndrome de Down en particular, que ofrezca solucións novas en mellora das condicións de vida ás persoas con discapacidade e ás súas familias.
- Asumirán o deber de informar e formar a todos os públicos de Down Galicia con veracidade, trasladando unha imaxe axustada das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e ás súas familias, que evite estereotipos e prexuízos, contribuíndo así a aumentar a notoriedade social de Down Galicia e con iso a percepción social das persoas con discapacidade e das súas familias.

EQUIPO HUMANO

- Aplicará no desenvolvemento das funcións propias do seu posto de traballo o compromiso de vocación de servizo, dirixido á mellora das condicións de vida das persoas con discapacidade e das súas familias.
- Aplicará no desenvolvemento das funcións propias da súa responsabilidade e do seu posto de traballo a innovación social en discapacidade, que ofrezca solucións novas na mellora das condicións de vida das persoas con discapacidade e das súas familias.
- Buscará o aumento da presenza social de Down Galicia a través da participación activa en redes sociais e de todo tipo.

PERSOAS COLABORADORAS

- Promoverán, nos seus ámbitos de actuación, o compromiso coa implicación activa en calquera causa xusta, que redunde no interese xeral.

Unión. A unión das entidades Down en Galicia ao redor da Federación é un patrimonio institucional que debe preservarse como elemento impulsor do desenvolvemento da súa misión.

A Federación Down Galicia contribúe ao desenvolvemento organizativo das súas entidades membro, respectando o ámbito de decisión de cada unha delas e procurando o consenso nos asuntos comúns.

ENTIDADES MEMBRO

- Serán respectadas e atendidas por Down Galicia e polas súas estruturas, que procurarán sempre prestar a colaboración propia dunha relación baseada na reciprocidade e o apoio mutuo.
- Consideraranse parte inherente e indispensable de Down Galicia, actuando responsablemente coa súa condición de socias e defendendo os intereses das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- Aliñaranse coa filosofía de traballo de Down Galicia, asumindo como propios a súa misión, visión, valores e principios, e evitando protagonismos individuais indebidos que dificulten ou prexudiquen a Down Galicia, ou ás demais entidades Down da Federación, no cumprimento da súa misión.
- Cada unha delas procurará o apoio ás demais entidades Down da Federación, mantendo a disposición ao diálogo, á cooperación e á axuda mutua.
- Defenderán os intereses que lle son propios e lexítimos ante os poderes públicos e a sociedade, desde o respecto ao conxunto do movemento asociativo de Down Galicia.

ÓRGANOS DE GOBERNO

- Asumirán como propios a misión, visión, valores e principios que conforman a filosofía de traballo de Down Galicia en todas as accións de representación que lles sexan propias.
- Orientarán a súa actividade representativa no ámbito de Down Galicia conforme os intereses xerais das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, nunca dos seus intereses particulares.

EQUIPO HUMANO

- Respetarán e asumirán como propios a misión, visión, valores e principios que conforman a filosofía de traballo de Down Galicia, como base e referente do seu labor dentro do Equipo, que deberá impregnar toda a súa actuación profesional, non impedindo a súa posta en práctica por motivos de índole persoal, profesional ou corporativa.

PERSOAS COLABORADORAS

- Respetarán e asumirán a misión, visión, valores e principios que conforman a filosofía de traballo de Down Galicia á hora de realizar os traballos de colaboración con Down Galicia.
- Nunca se manifestarán contrarias ao ideario de Down Galicia nos traballos de colaboración.
- Terán en consideración, a modo de fonte de referencia necesaria para realizar calquera traballo de colaboración, o acervo xa producido por Down Galicia.

Política de intervención. Respecto á sensibilización social e á incidencia política a favor da inclusión social das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a Federación Down Galicia adopta as seguintes liñas de actuación:

- Promoción de actitudes de respecto e fomento da participación social plena das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- Promoción dun entorno accesible que permita a súa efectiva participación.
- Desenvolvemento de iniciativas de discriminación positiva a favor das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.
- Denuncia de situacións de discriminación das mesmas.

Respecto ao alcance da intervención profesionalizada, específica e especializada, para a inclusión social das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a Federación Down Galicia adopta as seguintes liñas de actuación:

- Adopción do modelo bio-psico-social para a atención integral das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais en todo o ciclo vital das mesmas.
- Prestación de servizos personalizados aliñados coa filosofía e metodoloxía da Planificación Centrada na Persoa (PCP).

Respecto aos recursos para propiciar a inclusión social das persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais, a Federación Down Galicia adopta as seguintes liñas de actuación:

- Dar prioridade á utilización dos recursos da comunidade.
- Esixencia aos poderes públicos e axentes sociais de medidas adecuadas para a promoción da accesibilidade universal dos recursos comunitarios.

Política de organización. Sobre a dirección da entidade, a Federación Down Galicia está formada por entidades membro con distintas formas xurídicas (Asociacións e Fundacións) promovidas por familias. Nace como froito do impulso asociativo dos familiares de persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais e son os membros das propias familias os que ostentan os postos de alta dirección da entidade e represéntana institucionalmente.

Sobre as relacións internas entre as entidades membro, a Federación Down Galicia adopta as seguintes liñas de actuación:

- Respecta a autonomía das súas entidades membro.
- A toma de decisións importantes para o desenvolvemento da misión da Federación realízase por consenso entre todas as súas entidades.
- Traballa para propiciar a coordinación inter-asociativa e o traballo en rede entre as súas entidades membro.
- Traballa na captación, optimización e reparto xusto dos recursos necesarios para o desenvolvemento da misión de cada entidade.

- Presta servizos de atención directa ás persoas coa síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais de forma coordinada coas súas entidades membro.

Política de xestión. A xestión debe estar sempre vinculada á transparencia, a calidade na execución dos procesos de traballo, a procura da innovación e a mellora continua.

Como principios xerais que determinan a xestión, a Federación Down Galicia adopta as seguintes liñas de actuación:

- Transparencia económica e informativa para con todos os seus grupos de interese.
- Todas as actuacións deben cumprir a legalidade en todo momento.
- Todas as persoas vinculadas á entidade evitarán o lucro persoal ou de familiares ou de amizades como consecuencia da súa labor en Down Galicia.
- Fomentarase a aplicación de normas e modelos de eficiencia e calidade, que aseguren en último termo a satisfacción das persoas usuarias.
- Promoverase a busca continua de novos servizos, procesos e metodoloxías para responder ás necesidades e expectativas dos seus grupos de interese.
- Fomentarase especialmente a igualdade de oportunidades entre todos os grupos de interese, incluíndo o enfoque de xénero.

Dilixencia

Facemos constar que o presente **CÓDIGO ÉTICO** da **Federación Down Galicia** foi **revisado e aprobado** polos membros da **Asemblea** en reunión do **27/06/2020**.

Fdo.: Delmiro Prieto González
D.N.I: 71497418-D
Presidente DOWN GALICIA

Fdo.: Elías Ledo Fernández
D.N.I: 76.615.524-V
Secretario DOWN GALICIA